

MARUXA DO RUEIRO 2/2**APARICIÓN DA FUTURA DEFUNTA**

NOME DO DOCUMENTO: MPG_GaRo_0004_002_en_0_14_09_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_GaRo_0004_002_en_0_14_09.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro directo dun evento. Entrevista 2/2
MATERIAL DISPONIBLE: Audio mp3 e ficha de contexto e transcripción
DURACIÓN: 0:07:48

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA:** 29/12/1998
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/aldea/ barrio:** Bretal
 - Parroquia:** Olveira (Santa María)
 - Concello:** Ribeira
 - Provincia:** A Coruña
- **INFORMANTE:**
 - Nome:** Maruxa do Rueiro
 - Data de nacemento:** 1942, en Bretal
- **RECOLLEDOR/A:** Rosa García-Orellán
- **COMPILADORA:** Rosa García-Orellán
- **COLECCIÓN:** Rosa García-Orellán

NOTA DOS EDITORES

A presente entrevista forma parte das efectuadas pola antropóloga Dra. Rosa García Orellán como parte do traballo de campo da súa tese de doutoramento. As entrevistas foron estudadas e empregadas na elaboración de dito traballo pero este material pode ser analizado en moitos outros contextos. A Dra. García Orellán cedeu as súas gravacións orixinais en casete e as transcripcións que ela mesma fixera do seu contido ao APOI para que poidan ser compartidas con outras persoas interesadas.

Esta gravación é a segunda parte da entrevista a Maruxa do Rueiro que comeza no rexistro: MPG_GaRo_0004_001_en_0_00_01.mp3 con id3738.

CONTEXTO

Nota da recolla achegada pola compiladora: O día 29 de decembro de 1998 ás seis da tarde vou á casa de Maruxa do Rueiro, as dúas subimos ao primeiro piso da súa vivenda, na que ten acesa a cheminea; alí transcorre ata as nove e media da noite unha tarde moi fermosa, na que as dúas mulleres vamos falando das nosas lembranzas. Ela dirame cando me deixa gravar e cando non.

TEMÁTICA DA ENTREVISTA

Conversa sobre a morte. Nesta segunda parte fábase dunha posible premonición da morte.



Museo
do Pobo
Galego

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada pola compiladora e revisada polo persoal do APOI. Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.



instituto de
estudos das
identidades

BIBLIOGRAFÍA

GARCÍA ORELLÁN, Rosa (2001): *Hacia el encuentro de mi antropos: la muerte dinamo estructural de la vida*. Bilbao. Ed. Universidad del País Vasco

PALABRAS CHAVE

loito misas defuntos morte adevisa

TRANSCRICIÓN

Vén da primeira parte en: MPG_GaRo_0004_001_en_0_00_01

Maruxa do Ruevo: Pero despois, nada, porque xa salvamos, xa encontramos cunha tía. Esa tía miña era irmán de teu *abuelo*, eran *hermanos*, teu *abuelo* da Agra.

Rosa García Orellán: Si, si, meu *abuelo* Orellán.

M.: Eran *hermanos*, e esa, e esa tía estaba casada cun tío meu, tío José que aínda morreu fai un ano.

R.: O *Picadillo*.

M.: O *Picadillo*, morreu fai un ano, que era a casa paterna, *dónde* eu nacín, que estaban restaurando a nosa casa, e cheghou o momento de nacer e claro, mamá foi pa, pa.

R.: Para a casa matriz.

M.: Si, entón e eu nacín alí. Eu á tía Manuela queríalle un montón, pa min non era unha tía política. Eu queríalle máis a ela que os verdadeiros tíos. A parte era unha muller destas moi, moi *entrañable*, moi acollidora, moi cariñosa. Moi, en *plan*, en *plan*, aquela casa era unha casa, a pesar de tar a *abuela*, pero era máis como máis acollidora.

R.: A casa de meu *abuelo*?

M.: Non, a casa onde ela estaba.

R.: Onde ela estaba.

M.: Ela era de Ciprián [que tamén se chama a casa de María Antonia, é a casa onde naceu o meu avó Juan, pero a casa matriz é a de González].

R.: Si, si, si.

M.: Casouse pa casa paterna, que *bueno*, un veciño meu quedou *heredando* e *bueno*

R.: Ah, esa casa dis.

M.: Esa.

M.: *Entonces*, eu quería moitísimo e quería, e mamá toleaba por ela. E resulta que morreu e morreu bastante *xoven*. Morreu con papá, hai vintedous anos que morreron os dous. Morreron un ano e outro outro, no *mismo* mes de *noviembre*. Estaba eu embarazada de Mari cando morreu.

Entonces claro, cando morreu, naquela casa estaba *solamente*... *Bueno*, vivían os dous, vivían os dous rapaces, José e máis Manolo e Pepita, que foi criada dunha prima miña. *Entonces*, os



chavales quedaban traballando tal e pois, Pepita era a que coidaba a casa, facía a comida, *bueno*... Ela estaba moi malaña e *entonces* claro, *ibana* remudar porque *tuvo* moi malaña moito tempo na cama, *tuvo* unha aghonía moi *larga*, moitas semanas. *Entonces* claro, tía Ángelita de Ciprián, que era *hermana* dela e máis *iba* mamá, que eran cuñadas, *iba* a hermana e máis *iba* a cuñada, pero quería moito, creo que mamá, *si* o cariño se *pudera* pesar, non sei si mamá non a querería máis, [non se entende], teñen cousas da familia, cousas dela, que súa nai con ser súa nai non se quedaba. *Bueno*, era marabillosa, queríanse moito.

Bueno, ao que imos [non se entende]. Pois claro, Pepita despois de estar *aturullando* coa súa nai había que *levantarse*, había que poñer a casa a funcionar para traballar, había que facerlle o *desayuno*, había que facela comida, había que facela *limpieza*, había que ter todo en condicións, porque antes había moita visita aos *difuntos* que *ahora* non hai tanto, pero antes a xente *iba* de visita e *iba*.

R.: Aos enfermos, non aos *difuntos*.

M.: Aos enfermos, e *entonces* claro, a xente o facía por ben, pero a veces pos viñan *incordiar* porque che *obligaban* a ter todo *esto* impecable, e claro Pepita, morría, non era capaz e tiñan que axudar. *Entonces*, ás noites *ibanlle* axudar, unha noite *iba* tía Angelita de Ciprián, a *hermana* de teu *abuelo* e despois *iba* mamá, *hasta* que cheghaba unha non se *iba* a outra. *Entonces*, un día, uns dos días estaba tía Ángelita, e mamá non sei *si* matáramolo porco, tiñamos xente, xente na casa. Sei que tiñamos xente na casa, e serían as doce da noite, a unha da *mañán* cando cheghou para remudala. [Non se entende], ela (tía Ángelita) *iba* pasar a noite [non se entende], cheghou e dixo: mira *ahora* a nosa irmán morre, morre. E mamá estaba no *jaleo* e contestoulle: si, muller, xa sabemos o que hai. (Tía Ángelita): Non, cando *salín* de aquí onte á noite púxoseme ao lado meu. Eu fun andando, andando *hasta* a porta da casa, e despois desapareceu.

R.: Ela estaba na cama?

M.: Ela estaba na cama, que estaba na agonía.

R.: *Entonces*, a túa nai cando se puxo a andar para a súa casa...

M.: Non mamá non, tía Ángelita, a irmán. A mamá contoullo ela. Tía Ángelita aínda vive, eh.

R.: Ah.

M.: Mira, séntate.

R.: A ver.

R.: Si, si. Porque a ves pos a *piel* de ghalíña, pero, mira...

M.: Porque son xente daquí, e xente da familia e xente que tes crer, *tú*, claro.

R.: Son xente da familia.



M.: Non sei se foi obsesión ou o que foi. Pero, claro estábanse *turnando*, primeiro, coas que, para que entres na situación da familia, non? Pepita non era capaz de... tiña que poñer a vida a funcionar polo día e de noite e máis de día. Eso podíao facer unha noite ou dúas, pero nada máis. Tía Ángelita e máis mamá, a *hermana* da enferma e máis a cuñada, *turnábanse* as noites.

R.: Si, si, si.

M.: De día atendía Pepita, a filla, pero de noite *iban* unha unha noite outra noite outra. E unha das noites, pois mamá chegou para remudar a tía Ángelita; tínhamos xente na casa, xa sabes que antes mataban o porco e viña a xente á viña e tal, e *ahora* fas un contrato e vén pagas e xa está, pero antes o sistema era así, andaban uns a facer os labores dos outros nas aldeas, claro. *Eso* é o ambiente que eu vivín, nas *capitales* non sei o que pasaba. *Entonces*, penso que mamá chegou tarde a relevar a tía Ángelita, cheghou de noite á unha ou dúas da *mañán*, (dixolle á tía Ángelita): *Bueno*, cheguei tarde e tal, tivemos aquilo e *bueno*, aínda hai moita noite para descansar. E tía Ángelita foise para súa casa, que teñen a casa onde a *capilla* das *Angustias*, que era a casa paterna de teu *abuelo*.

R.: Que era a casa paterna, si.

M.: Aquela casa, que aínda existe a casa, *ahora* viven noutra que fixeron na *misma* horta, eran unha xente moi rica. E *entonces* mamá quedou, mamá nin veu nada nin sinteu nada, desde a nosa casa cruzou o camiño aquel por alí arriba e xa caeu alí. E tía Ángelita foise para durmir na súa casa, a casa de Ciprián. E para o outro día a *mañán*, vén e dixo: *ahora* miña irmá morre. E dille mamá: muller, xa vemos como está. (Tía Ángelita): non, non, morre porque pasoume *esto*. Onte cando me fun aquí, alí debaixo da ponte, alí *dónde* a casa do Quinto, unha casa, aínda teñen a casa alí.

R.: Si.

M.: A *salir* de alí, debaixo da casa de Quinto, púxoseme ao meu lado, e foi conmigo *hasta* a porta da casa. Na porta da casa, eu metínme dentro e ela desapareceu. E *eso* foi un día á *mañán* cando llo contou, e á noite *siguiente* ás once e media, morreu.

R.: Estas cousas pasan.

M.: Non sei *si* era a súa *imaginación* de estar alí con ela...